

É moi importante

- Incrementar a presenza das persoas maiores nos medios de comunicación a través de informacións, reportaxes, entrevistas, diarios, portais, webs..., de cara a unha maior transversalidade.
- Promover foros dende os medios sobre temas de interese común, a través de programas ou espazos cunha dimensión interxeracional para deste xeito construír xuntos unha sociedade para todas as idades máis xusta e cohesionada.
- Sensibilizar a cidadanía, a través dos medios de comunicación, sobre a erradicación dos estereotipos das persoas maiores existentes na actualidade.
- Protexer e coidar nos medios, dunha maneira especial, a imaxe das persoas maiores en situación de dependencia e incapacidade, e evitar tratamentos sesgados, alarmistas ou morbosos.
- Non estigmatizar e considerar o impacto que unha información pode ter sobre as persoas maiores.
- Promover xornadas, seminarios ou talleres dirixidos a profesionais da información, empresas da comunicación e de publicidade para que teñan un coñecemento integral do envellecemento activo e das persoas maiores, e contribuír así ao cambio da imaxe social deste colectivo.
- Destacar, como profesionais da comunicación, o valor engadido das persoas maiores, fundamentalmente pola súa experiencia.
- Ter en conta nos diferentes medios de comunicación as características das persoas maiores para facilitarles a comprensión e a accesibilidade á información (vocabulario, contidos, duración, horarios, volume, tamaño da letra etc.).
- Saber que ningunha persoa maior ten porque ser maltratada e informar de que se isto sucedese pode dirixirse ao Teléfono Socia 900 333 666.

Cando te refiras ás persoas maiores, LEMBRA

En vez de dicir ou escribir	direi ou escribirei
Anciáns/ás, vellos/as, terceira idade	Persoas maiores
Asilo	Centro residencial ou xeriátrico
Dependente	Persoa en situación de dependencia
Demente	Persoa con demencia ou deterioración cognitiva
Tolo/a, trastornado/a	Persoa con enfermidade mental
Discapacitado/a, minusválido/a, eivado/a, inválido/a	Persoa con discapacidade

- Empregarei os termos avós, xubilados ou pensionistas só cando me refira ás persoas maiores que teñan esas características.
- Empregarei o termo de persoa incapacitada unicamente cando haxa unha sentenza xudicial que así o determine
- Empregarei o termo de investimento social en vez de gasto social porque o orzamento destinado a manter a calidade de vida das persoas maiores é apostar por unha comunidade socialmente responsable.

DECÁLOGO DE DEREITOS DAS PERSOAS MAIORES

As persoas maiores teñen dereito a:

1. O respecto da súa **dignidade e intimidade**, tanto se son autónomas coma se se atopan en situación de dependencia.
2. **Elixir libremente o seu modo de vida**, a levar unha vida independente e a que se lles garanta a permanencia, sempre que sexa posible, no seu contorno habitual rural ou urbano.
3. Decidir como queren **dispoñer do seu tempo libre** e a gozar cos seus seres queridos.
4. Dispoñer duns **ingresos que lles garantan o seu benestar** e a utilizar os servizos públicos para cubrir as súas necesidades sociais, de saúde e atención xeriátrica, de ser o caso.
5. **Decidir como, onde e por quen queren ser atendidas** cando a súa autonomía e/ou capacidade estean limitadas, así como a recibir cuidados paliativos, cando proceda.
6. Un **envellecemento activo**, mediante a participación en programas formativos, de ocio e culturais, e ao acceso aos espazos e ás canles necesarias para que se produza unha convivencia interxeracional.
7. **Participar activamente na vida pública, social e política**, tanto individualmente como a través de órganos colexiados, e a que se teñan en conta as súas opinións e a súa sabedoría.
8. Ser **executoras e receptoras de programas de voluntariado**, mediante a achega da súa experiencia persoal e laboral e da súa capacidade para transmitir valores e coñecementos.
9. **Poñer en coñecemento dos poderes públicos as situacións nas que sintan que non están recibindo o trato adecuado** e a que se interveña de xeito inmediato cando estea en perigo a súa atención ou a súa vida.
10. Que se lle dea á sociedade unha **imaxe positiva desta etapa da vida** e a que se difunda a través dos medios de comunicación.

XUNTA DE GALICIA

Decálogo de dereitos das persoas maiores publicado pola Xunta de Galicia: benestar.xunta.es



O tratamento das persoas maiores nos medios de comunicación

O tratamento das persoas maiores nos medios de comunicación

Conscientes da importancia e da influencia que os medios de comunicación exercen na opinión pública, tanto na consolidación de imaxes sociais, coma no seu papel de axente de cambios nas actitudes da poboación, presentamos esta guía de estilo sobre “o tratamento das persoas maiores nos medios de comunicación” como unha ferramenta útil para ofrecer unha información de mellor calidade sobre o envellecemento.

O obxectivo desta guía é dar a coñecer a realidade das persoas maiores e cambiar estereotipos a través do uso correcto da linguaxe e do uso de recursos comunicativos, para mellorar a maneira na que informamos e comunicamos.

Para lograr este obxectivo, é necesaria a incorporación das persoas maiores nos procesos de participación dunha forma activa e dun xeito normalizado como vía de fortalecemento da sociedade.

Este documento invita os profesionais a facer un cambio no tratamento das persoas maiores nos medios de comunicación, porque pensamos que hai outra maneira de comunicar sen estigmas nin prexuízos.

IMAXE DAS PERSOAS MAIORES NA SOCIEDADE ACTUAL

O progresivo envellecemento da poboación é un desafío que afecta a todos os países da Unión Europea. Na actualidade, o descenso da natalidade e o aumento da esperanza de vida trouxeron consigo unha maior lonxevidade e, polo tanto, un incremento do peso demográfico das persoas maiores en países como España e, dun xeito significativo, en Galicia.

Esta evolución demográfica vén acompañada por outros cambios sociais notables, entre eles, a transformación da familia cara a estruturas de menor tamaño.

A percepción das persoas maiores na sociedade actual ten un carácter multidimensional. A imaxe negativa e as actitudes e os prexuízos sobre as persoas maiores revelan a existencia de numerosos estereotipos que non reflicten a gran diversidade de situacións vitais que experimentan, co que se distorsiona a verdadeira realidade do proceso de envellecemento.

Hoxe en día, exceder os 65 anos non significa deterioración física, relacional ou vital, ata podemos dicir que máis do 80% das persoas maiores se valen por si mesmas, e polo tanto, contan con autonomía persoal.

Aínda que existen tantas realidades de envellecemento como persoas maiores, un trazo cada vez máis xeneralizado é o chamado “envellecemento activo”, entendido como aquel envellecemento en que se potencia o benestar físico, psíquico e social ao longo da vida enteira.

As persoas maiores son un referente e un modelo de actuación que cada un de nós fomos incorporando na nosa vida; son os únicos transmisores “reais” do pasado e os únicos interlocutores entre os seus antepasados e nós. Sempre foron unha achega e un sustento para a sociedade, agora ofrécenos os seus valores, a súa sabedoría e experiencia.

PROXECCIÓN DA IMAXE DAS PERSOAS MAIORES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

As persoas maiores aparecen pouco nos medios de comunicación, e, cando o fan, adoita ser a través dunha imaxe estereotipada na que predominan características negativas como o anonimato, a ausencia de identidade propia e a carencia de referentes persoais ou de valores; mesmo aparecen con frecuencia ridiculizadas en programas de humor.

A responsabilidade dos medios de comunicación é fundamental á hora de superar os estereotipos que afectan as persoas maiores. Moitas veces, os medios conciben os maiores como suxeitos pasivos e dependentes, cando a realidade demostra que son persoas activas na sociedade.

Non debe presentarse a este colectivo como un problema, nin informar sobre el a través da compaixón. As noticias nas que aparecen tamén inclúen aspectos positivos, humanos e solidarios que é necesario destacar e que son tamén parte obxectiva da realidade das persoas maiores

UNHA NOVA MIRADA CARA Á SÚA IMAXE

É fundamental ofrecer unha imaxe das persoas maiores como adultos/as, competentes, preparados/as, capaces de desempeñar roles útiles para si mesmos, para a súa familia, e para a sociedade no seu conxunto.

As persoas maiores deben ser tratadas sempre dende un enfoque positivo e como un valor social que enriquece a nosa sociedade mediante a transmisión de valores, a cultura, a través da súa implicación activa en labores de voluntariado, actividades culturais, artísticas, participación en programas de aprendizaxe permanente ao longo da súa vida....



Recomendacións para o tratamento informativo das persoas maiores nos medios de comunicación

Os medios de comunicación constitúen unha ferramenta clave á hora de sensibilizar a opinión pública no cambio de estereotipos sobre un colectivo tan heteroxéneo como é o das persoas maiores.

Propoñemos unha serie de recomendacións que convén ter en conta polos profesionais dos medios no tratamento informativo sobre as “persoas maiores”, de cara a favorecer a súa plena integración e para proporcionar un maior achegamento á súa realidade e as súas necesidades.

RECOMENDACIÓNS / PROPOSTAS

1. Abordar a información dende un enfoque contextualizado e dende unha perspectiva integradora e interxeracional, abandonando os estereotipos e os tópicos xeralizados que inducen a unha imaxe negativa, afastada da heteroxeneidade e a pluralidade das persoas maiores.
2. Aumentar a presenza das persoas maiores nos medios de comunicación como parte activa da sociedade, de cara a promover unha visión normalizada e unha nova cultura na que se facilite a colaboración interxeracional a través da súa participación nos medios.
3. Ofrecer unha imaxe positiva, diversa e revalorizada das persoas maiores nos medios de comunicación, remarcando os seus valores e subliñando as súas capacidades para desempeñar roles útiles dentro da sociedade, fronte a unha imaxe negativa e degradada que mostra a este colectivo como unha carga para a comunidade.
4. Evitar unha linguaxe pexorativa, paternalista e discriminatoria que contribúe a reforzar os estereotipos sociais sobre as persoas maiores, unificando criterios e empregando unha terminoloxía adecuada, correcta e respectuosa con estas persoas.
5. Informar transmitindo un “envellecemento activo” e darles cabida ás persoas maiores en temas de interese social, potenciando as súas iniciativas e experiencias nas que este colectivo sexa actor principal, capaz de colaborar na construción dunha sociedade para todas as idades.
6. Na publicidade, os medios de comunicación promoverán a inclusión das persoas maiores como mulleres e homes con autonomía e activos, contextualizando adecuadamente as circunstancias da noticia sobre a persoa, evitando informacións que buscan o efecto dramático e reproducen tópicos negativos sobre o “envellecemento” (o envellecemento como irremediable perda de facultades, inevitable soidade, decrepitude, persoas incapaces de aprender, un colectivo improdutivo e inútil...)
7. Poñer en valor a achega que as persoas maiores realizan no contorno familiar cultural, económico e social, destacar o seu peso como grupo social e estimular a súa participación e compromiso na vida política.